

ACTA INICIAL

Proceso selectivo: contratación temporal de 1 auxiliares de policía local.

No campo de Fútbol de Vilas, Asados, Rianxo, ás 10:15 horas, do día 18 de maio de 2016, reúñese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para a contratación temporal de 5 auxiliares de policía local segundo as bases aprobadas pola Resolución da Alcaldía núm. 173/2016 do día 27/04/2016 e o tribunal designado:

Presidente: Antonio Tubío Piñeiro, xefe da Policía Local

Vogal: José Francisco Ordóñez Frieiro, policía local (C1)

Vogal: Ramón Raúl Frieiro Romero, policía local (C1)

Secretario: Dalmiro Núñez Méndez (I)

Asesor: Ramón Villanustre Ordóñez, técnico de deportes municipal (III)

O presidente constitúe o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 28/04/2016 publícase nun dos diarios de maior difusión da Comarca, no sitio web e na Sede electrónica municipal a convocatoria do dito proceso de contratación de persoal.

Segundo: o día 13/05/2016 aprobase a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e a data de celebración das probas.

Unha vez que acceden ao recinto as persoas aspirantes, indícaselles como se vai desenvolver a proba. Preséntanse 7 aspirantes das 13 persoas admitidas. Quedan excluídas do proceso os non presentados.

A continuación procédese á comprobación da estatura. Tódolos aspirantes superan o mínimo esixido.

Despois disto, iniciase a primeira proba física (Potencia tren inferior. Salto vertical), pola orde indicada na listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas: comprobación da identidade, da estatura, medición da posición de partida, realización de salto e medición da posición acadade nel.

O resultado da proba é que a superan tódolos aspirantes.


Ao remate iníciase a segunda proba física (Resistencia xeral. Carreira de 1.000 metros lisos).

O resultado é que a superan as 7 persoas aspirantes que a realizan.


O Tribunal convoca aos aspirante o día 20/05/2016, ás 11.00 horas no Auditorio municipal para efectuar a seguinte proba do proceso selectivo.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:55 horas do 18/05/2016, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal e se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web e na Sede electrónica municipal.

Antonio Tubío Piñeiro



José Francisco Ordóñez Frieiro



Ramón Raúl Frieiro Romero

Ramón Villanustre Ordóñez